

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 15 DE XULLO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto, do servizo de atención ao peregrino, limpeza e cobramento do prezo nos albergues públicos e puntos de información do Camiño de Santiago, por un orzamento de licitación, con IVE, de once millóns setecentos cincuenta e seis mil seiscientos sesenta e dous con cincuenta e sete céntimos (11.756.662,57 €) e un valor estimado de vinte e dous millóns trescentos corenta e sete mil trescentos setenta e cinco euros con doce céntimos (22.347.375,12 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, suxeita a regulación harmonizada, das obras de construcción da nova sede do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) en Santiago de Compostela, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, tramitación ordinaria e anticipada de gasto, polo importe de licitación de sete millóns trescentos cincuenta mil douscentos noventa e catro euros con catro céntimos (7.350.294,04 €), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de seis millóns setenta e catro mil seiscentos vinte e tres euros con dezasete céntimos (6.074.623,17 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación dunha póliza de seguro colectivo para cubrir os riscos derivados da práctica deportiva, con motivo da participación no programa Xogade en idade escolar, tanto nas actuacións do ámbito federado como do escolar, en favor dos compoñentes do colectivo asegurado e cos ámbitos de cobertura establecidos no prego de prescricións técnicas (PPT), mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, tramitación ordinaria, polo importe de licitación de seis millóns douscentos trinta e sete mil setecentos corenta e nove euros con corenta e oito céntimos (6.237.749,48 €) e cun valor estimado de trece millóns setecentos vinte e tres mil corenta e oito euros con oitenta e seis céntimos (13.723.048,86 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza a entidade pública empresarial Augas de Galicia para a tramitación do expediente de contratación relativo ao servizo para a asistencia técnica á dirección de explotación de estacións depuradoras de augas residuais na Comunidade Autónoma, de clave AUG-2024-0095 (OH.888.457), por un orzamento de licitación de tres millóns setecentos corenta e sete mil seiscentos sesenta e un euros con oitenta céntimos (3.747.661,80 €) e un valor estimado de oito millóns trescentos corenta e seis mil seiscentos quince euros con sesenta e nove céntimos (8.346.615,69 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de sete mil seiscentos oitenta e nove euros con sesenta céntimos (7.689,60 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración sucesiva de combustible de calefacción (gasóleo C), para centros dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, mediante un acordo marco con varios empresarios, por un importe sen IVE de doce millóns oitocentos oitenta e un mil cincocentos setenta e nove euros con catro céntimos (12.881.579,04 €), e un valor estimado de trinta millóns novecentos quince mil setecentos oitenta e nove euros con setenta céntimos (30.915.789,70 €), que inclúe a posibilidade de prórroga para dous anos máis e da modificación dun 20 % máximo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de desenvolvemento do programa Xantar na Casa en diferentes concellos galegos, polo importe de licitación de oito millóns setenta e catro mil catrocentos dous euros con sesenta céntimos (8.074.402,60 €), e un valor estimado de vinte e sete millóns trescentos vinte e oito mil oitocentos trinta e un euros con vinte céntimos (27.328.831,20 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de explotación de cultivo de arandos con industria de manipulación e envasado en Teixeiro, Curtis (A Coruña), promovido por Berries Passion, S.L.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Riós, para a execución das obras de reforma e mellora de rúa en Fumaces, por un importe de trescentos seis mil novecentos dez euros con vinte e dous céntimos (306.910,22 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación dos contratos de obras de rehabilitación de 4 edificios, para un total de 14 vivendas de promoción pública (VPP), en Ourense, Ribadavia e Tui, por lotes.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de fretamento de aeronaves para o transporte aéreo de órganos humanos para transplantes e dos equipos e persoal sanitario encargado da súa extracción, para as áreas sanitarias da Coruña e Cee e de Santiago de Compostela e Barbanza, por un importe total de licitación de tres millóns seiscentos setenta e sete mil douscentos trinta e sete euros con trece céntimos (3.677.237,13 €), IVE incluído, e un valor estimado de seis millóns douscentos vinte e dous mil novecentos cincuenta e un euros con oitenta céntimos (6.222.951,80 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituir garantía para os pagamentos anticipados no Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas para o desenvolvemento de accións de dinamización profesional e sectorial no eido escénico en 2024, por importe de vinte e oito mil euros (28.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2024.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba o acordo entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais CIG, CC OO, CSIF e UGT sobre as condicións de traballo do persoal funcionario do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Consellería do Medio Rural.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas para accións formativas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro.
- Acordo polo que se toma razón da sinatura dun convenio entre o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e a Comunidade Autónoma de Galicia, polo que aproba o Plan de actuación plurianual 2023-2026 do Centro de Referencia Nacional de Pesca e Navegación e do Centro de Referencia Nacional de Acuicultura e Mergullo no ámbito da formación profesional.
- Acordo polo que se autoriza a concesión directa de axudas de carácter extraordinario destinadas a garantir a sustentabilidade das entidades asociativas do sector do mar mediante a achega de fondos para manter a súa operatividade, a cal se viu comprometida polos graves acaecementos ambientais que provocaron a perda de actividade durante o período de outubro e novembro de 2023 e que pon en risco a asunción dos custos operativos básicos da súa actividade, por un importe de catrocentos vinte mil euros (420.000 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre as liñas básicas do Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2024 e sobre o cumprimento dos obxectivos fixados para o ano 2023.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre as actividades de difusión, normalización e capacitación lingüística no idioma galego da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o protocolo de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento e a Universidade de Santiago de Compostela para a promoción da carreira docente entre os profesionais sanitarios.
- Informe sobre actuacións en Galicia en resposta ao aumento de casos e gromos de sarampelo no ámbito mundial e europeo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A CONCESIÓN DAS MEDALLAS DE GALICIA 2024 A LUIS TOSAR, ZAZA CEBALLOS E Á ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

- Destaca que a entrega deste ano recoñece o audiovisual galego como sector artístico e estratéxico a través de dous nomes singulares da interpretación e da producción e dun colectivo profesional que defende os intereses dese ámbito
- As condecoracións, que constitúen a "maior distinción" outorgado pola nosa Comunidade autónoma, entregaranse nun acto que terá lugar o 24 de xullo en Santiago de Compostela

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe da aprobación no Consello do decreto que concede as Medallas de Ouro de Galicia ao actor Luis Tosar, á produtora Zaza Ceballos e á Academia Galega do Audiovisual. O xefe do Executivo galego sinalou que os recoñecementos deste ano, que constitúen "a maior distinción" que outorga a Comunidade autónoma galega, recaen en dous nomes propios e nun colectivo asociativo que significan o audiovisual galego como sector artístico e estratéxico.

Rueda referiuse á distinción de Luis Tosar como intérprete de teatro, cine e televisión que chegou ao máis alto a nivel nacional e internacional converténdose nun "dos artistas galegos máis recoñecidos e coñecidos"; de Zaza Ceballos como unha das "grandes mulleres pioneiras no sector", coa divulgación das figuras históricas femininas galegas desde a pequena pantalla a través da súa produtora Zenit; e do incesante traballo da Academia Galega do Audiovisual a prol do desenvolvemento e visibilidade do sector, dando cabida "a un sector cada vez máis numeroso, cada vez máis potente e cada vez máis referente".

Luis Tosar conta cunha traxectoria na que figuran tres Premios Goya, dous Premios José María Forqué e cinco Premios Mestre Mateo. Desde os seus comezos no teatro profesional galego nos anos 90, formando parte de elencos, entre outras compañías, do Centro Dramático Galego, a súa carreira como intérprete non deixou de medrar a través de papeis protagonistas en películas e series desde a súa participación na aclamada *Mareas Vivas*, de Televisión de Galicia. Algúns dos seus filmes más celebrados de entre os máis de 60 títulos que ten ás súas costas están *Los lunes al sol*, *Te doy mis ojos*, *Celda 211*, ou os máis recentes *El desconocido*, *Cien años de perdón* e *1898: Los últimos de Filipinas*. Máis alá do cinema, Tosar liderou o trío cómico The Magical Brothers e o grupo musical Di Elas.

Zaza Ceballos é unha produtora, escritora e directora cinematográfica galega. Estudou Lingua e Literatura nos Estados Unidos e Filoloxía na Universidade de Santiago de Compostela. Zaza Ceballos foi unha das pioneiras do audiovisual de Galicia desde os seus inicios na Televisión de Galicia, e cos seus proxectos a través da produtora Zenit Televisión SA, coa que desenvolveu entre outros un proxecto que incluía a realización de varias películas biográficas de mulleres históricas e relevantes de Galicia como Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal ou Rosalía de Castro. Esta serie de audiovisuais puxo en valor a figura das mulleres sobranceiras da historia de Galicia achegando á sociedade o seu traballo a prol da igualdade entre homes e mulleres. En 1985 comezou a traballar na

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Televisión de Galicia, optando a diversos postos de responsabilidade, atendendo a cuestións dos mercados e foros internacionais de MIP, MIPCOM, BBC Showcase, NATPE, LA Screenings, MonteCarlo TV Festival, London Screenings, e proxeccións nos festivais de cine de San Sebastian, Sitges e Munich, entre outros. Foi directora de Ficción de Endemol España (*Amar en tiempos revueltos*, *La Señora*), é a directora e produtora executiva de Zenit Televisión -que fundou en 1999- e en 2018 creou Minervas Voice, unha plataforma que inclúe contidos de investigación, documentación e producións audiovisuais sobre a aportación das mulleres en múltiples disciplinas ao longo da historia. Actualmente é profesora de creación no Mestrado de desenvolvemento e distribución de contenido audiovisual na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra). Recibiu a Medalla Emilia Pardo Bazán e o Premio da Cultura Galega en 2021.

A Academia Galega do Audiovisual creouse en 2002 coa participación das principais asociacións profesionais e empresariais do sector que aglutinaban guionistas, intérpretes, directores, realizadores e produtoras co obxectivo de darles cabida a todos os oficios e profesións dese ámbito. Desde a súa asemblea fundacional, cunha primeira xunta directiva integrada por Ernesto Chao, Ángel de la Cruz, Antón Reixa, Carlos Carballo, Julio Fernández, Manuel Abad, Manuel Manquiña, María Bouzas, Miguel Anxo Fernández e Xosé Cermeño, ata a actualidade, na que é presidida por Álvaro Pérez Becerra e conta con preto de 500 asociados, a Academia ten levado a cabo un incesante labor a prol da difusión e a visibilidade do traballo dos profesionais do sector e da producción cinematográfica galega en xeral. A súa iniciativa de maior repercusión é a celebración dos Premios Mestre Mateo, instituídos en 2003, pero tamén destacan outras como os Premios María Luz Morales o Premio José Sellier, o Premio de Honra Fernando Rey, distintos ciclos de cinema galego dentro e fóra de Galicia ou o impulso de foros e plataformas para o debate de asuntos de interese no avance do audiovisual como parte importante do desenvolvemento cultural e económico de Galicia.

As Medallas de Ouro de Galicia constitúen a máxima distinción de honor outorgada pola Xunta a persoas ou institucións polos seus méritos ao servizo de Galicia en calquera aspecto da realidade social, cultural ou económica. En 2023 recaeron en Juan Pardo, Luz Casal e Carlos Núñez como representantes do patrimonio musical galego. En 2022 foron para persoas destacadas na difusión do Camiño de Santiago e en 2021 para os sanitarios que traballaron para combater a pandemia da covid-19.

Tal e como sinalou o máximo responsable do Goberno galego, "este ano quixemos recoñecer a traxectoria do audiovisual galego", lembrando que a Xunta de Galicia "intentou sempre apoiar este sector que ademais desde o punto de vista económico é cada vez máis potente".

O acto de entrega terá lugar o vindeiro 24 de xullo en Santiago de Compostela.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA DESTINARÁ CASE 12 M€ NOS PRÓXIMOS DOUS ANOS PARA A XESTIÓN DA REDE PÚBLICA DE ALBERGUES

- Destaca que son un total de 79 instalacións que ofrecen máis de 3.500 prazas en todos os camiños recoñecidos oficialmente
- Reafirma o compromiso da Xunta por garantir a boa atención dos peregrinos, cuxa chegada medra a un ritmo do 15 %, e lembra que o Goberno galego segue traballando para o Xacobeo 2027

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello vén de aprobar a licitación do novo contrato de xestión dos albergues públicos para peregrinos, no que se investirán uns 12 millóns de euros nos próximos dous anos.

Rueda destacou o "importante auxe" na afluencia de peregrinos que se ten detectado nos últimos tempos. Neste sentido, citou as "cifras de récord" que supoñen as 235.000 compostelas entregadas ata o momento, o que supón medrar "a un ritmo medio" dun 15% respecto ao ano anterior, no que xa se acadaran cifras históricas. Engadiu que estes datos non teñen en conta que se estima que "chegan un 30% máis" de peregrinos que non recollen esta acreditación.

Co obxectivo de que estes peregrinos "teñan a mellor experiencia ao seu paso por Galicia", o Consello da Xunta aprobou hoxe esta partida. O expediente de gasto derivado desta contratación inclúe o servizo de atención ao peregrino, limpeza e xestión de cobramento. Trátase dun orzamento prorrogable a outros dous exercicios: así, tendo en conta as prórrogas e posibles modificacións de contrato, tería un valor estimado total de 22 M€.

Deste xeito, está previsto que a empresa que resulte adxudicataria do novo contrato xestionará un total de 79 albergues de peregrinos, con algo máis de 3.500 prazas "presentes en todos os camiños recoñecidos oficialmente", segundo precisou o titular do Executivo galego. Nestes momentos a Xunta xestiona directamente 62, e outros 13, aínda sendo titularidade do Xacobeo, están xestionados por concellos e outras entidades. O contrato ten en previsión, ademais, a posibilidade doutras catro posibles aperturas máis, que serían cubertas no contrato.

Ademais de albergues, a empresa tamén xestionará outros tres puntos ou centros de interpretación e información aos peregrinos que xestiona a S.A. Xacobeo no Cebreiro, o Centro de Interpretación do Camiño Norte en Mondoñedo e o Centro de Interpretación do Camiño Primitivo en Lugo.

Deste xeito, explicou Rueda, a Xunta segue traballando na planificación do Xacobeo 2027, que se está presentando "coas mellores perspectivas vista a crecente afluencia de peregrinos nestes últimos anos".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Amplitud de servizos

Os servizos que se inclúen na contratación aprobada hoxe son, entre outros, o control de acceso, información, atención, e apertura e peche dos albergues e puntos de información, segundo os requisitos descritos no prego de prescripcións técnicas. A empresa adjudicataria tamén se encargará da limpeza das dependencias, mobiliario, aparellos, enxoal e outros aveños dos albergues e puntos de información, para o que achegará o material preciso, segundo os requisitos descritos no prego de prescripcións técnicas. Tamén está prevista a xestión do cobramento do prezo establecido polo uso dos albergues e, en xeral, calquera outra función relacionada co servizo que poida encomendarlle a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, de acordo co previsto nos pregos e no contrato.

A licitación do servizo será mediante o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada. A achega da Xunta de Galicia para o financiamento da presente contratación supera os 11,7 € nos dous primeiros anos do contrato e ten un valor estimando de máis de 22 M€ (tendo en conta as posibles prórrogas de dous anos e posibles modificacións de contrato).

O orzamento inclúe os custos dos recursos humanos calculados en función dos custos laborais estimados, tendo en conta o convenio colectivo de referencia vixente, así como os custos directos dos recursos materiais de execución do servizo: sabas desbotables estimadas en función das posibles pernoctacións nos albergues, produtos e materiais de limpeza, lavandaría e outros produtos e servizos necesarios para levar a cabo o obxecto do contrato recollidos no prego de condicións técnicas, tendo en conta os outros custos asociados á execución material do servizo (medios auxiliares, seguros, gastos financeiros, etc.), así como os demais custos asociados directa ou indirectamente aos devanditos medios que sexan necesarios para o desenvolvemento adecuado da totalidade do servizo. Os cálculos das estimacións realizanse tendo en conta os prezos de mercado e baseándose na experiencia da Sociedade en contratos anteriores; inclúense ademais os gastos xerais de estrutura de empresa e o beneficio industrial.

Este tipo de contrato para a xestión da Rede pública de albergues do Xacobeo está vixente desde a posta en marcha da rede no ano 1993 e foi evolucionando nos últimos anos, xa que ao principio se encargaba de limpeza e atención, pero desde o ano 2008 tamén se incluíu a xestión do cobramento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A LICITACIÓN DAS OBRAS DA NOVA SEDE DO IMELGA EN COMPOSTELA POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 6 M€

- O Consello autorizou hoxe o procedemento coa previsión de que a construcción comece a mediados de novembro cun prazo de execución de 18 meses
- Avánzase así na materialización do proxecto deseñado polo arquitecto Alfonso Penela, como gañador do concurso de ideas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación das obras de construcción da nova sede do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) en Santiago de Compostela, cun importe de licitación de máis de 6 millóns de euros, que incluíndo o IVE ascende a máis de 7,3 millóns de euros. Debido a que o prazo máximo de execución é de 18 meses, prevese o inicio das obras a mediados de novembro deste ano.

A obra licitarase mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, de acordo con criterios de solvencia técnica ou profesional e económica e financeira e outros criterios de adxudicación.

Avánzase así na materialización do proxecto deseñado polo arquitecto Alfonso Penela, como gañador do concurso de ideas desenvolvido no marco dun convenio co Colexio de Arquitectos de Galicia. A Xunta volve sacar a licitación a contratación das obras despois de que a anterior convocatoria publicada o ano pasado se declarase deserta ao non existir ningunha oferta admitida tras a renuncia da empresa cuxa proposta resultara elixida.

Segundo a proposta presentada polo arquitecto Alfonso Penela, construirase un edificio formado por dúas alas cunha zona verde entre elas. Cada unha das alas divídese en tres andares, con dúas partes que permiten separar as distintas áreas de traballo. Así, no baixo situaranse oficinas e o aparcadoiro; no primeiro piso, laboratorios e autopsias, e no segundo, os espazos para os profesionais da psicoloxía e forenses. A infraestrutura contará tamén cun soto para acoller outras instalacións e un arquivo de carácter xeral.

Situada no Polígono das Fontiñas, esta nova sede albergará a Dirección do Imelga en toda a Comunidade e da Subdirección de Santiago de Compostela, unha das sete coas que conta nas distintas cidades galegas. Coa iniciativa o Goberno galego dálle resposta a unha demanda histórica do organismo e pretende converter o edificio nun centro de referencia da medicina forense en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA BLINDA A ACTIVIDADE DEPORTIVA DOS RAPACES E RAPAZAS DO PROGRAMA XOGADE CUNHA PÓLIZA DE 6,2 MILLÓNS DE EUROS ATA 2026

- A prima anual media será de 3,12 millóns de euros (3.118.874,74 euros), un 45 % máis que a prima media anual de 2024 (2,15 millóns de euros)
- Tras pechar a tempada 2022/23 con 135.000 nenos e nenas, o programa Xogade achégase xa aos 150.000 mutualizados, unha cifra récord que representa o 60 % de todos os escolares galegos e galegas entre os 6 e os 16 anos

O Consello da Xunta aprobou a contratación, por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, dunha pólixa de seguro colectivo para cubrir os riscos derivados da práctica deportiva, con motivo da participación no programa Xogade (Xogos galegos deportivos) en idade escolar, da Secretaría Xeral para o Deporte, tanto nas actuacións do ámbito federado como do escolar, en favor dos componentes do colectivo asegurado no período 2024-2026.

En total, a pólixa que se contratará terá un valor por importe de 6,24 millóns de euros (6.237.749,48 euros) ata 2026, isto é, as tempadas 2024/25 e 2025/26, cunha prima anual media de 3,12 millóns de euros (3.118.874,74 euros), un 45 % máis que a prima media anual de 2024 (2,15 millóns de euros).

O programa Xogade (Xogos deportivos galegos en idade escolar) agrupa toda a oferta deportiva e lúdica promovida pola Administración galega (escolar e federada) co obxectivo de levar a actividade a todos os concellos e brindarlle á rapazada a posibilidade de practicar e competir cos clubs e centros educativos de toda a Comunidade galega. A edición desta última tempada 2023/24 rexistrou unha nova marca de participación con preto de 150.000 rapaces e rapazas de toda Galicia (147.740), o que representa un 7 % máis que a tempada 2022/23, na cal xa se tiña rexistrado a cifra histórica de 138.135 mutualizados. Estes rapaces e rapazas inscritos no programa Xogade representan o 60 % de todos os escolares galegos e galegas entre os 6 e os 16 anos.

Cómpre sinalar que a Xunta mantén a gratuidade do seguro de accidentes deportivos para os menores de entre 6 e 16 anos participantes, unha medida na cal Galicia é pionera, así como do transporte e da participación nas actividades. Favorécese así o acceso ás actividades de escolares de toda a xeografía galega coa colaboración das 31 agrupacións deportivas escolares, que ven incrementado o importe dos seus convenios para a compra de material. No caso da actividade federada, tamén se sufraga un seguro deportivo de 6 a 16 anos para apoiar o deporte de base e a promoción da actividade físico-deportiva e os hábitos saudables.

Un Xogade que medra en oferta e en igualdade

Nesta última tempada 2023/24 o Xogade contou con 17 modalidades na actividade deportiva escolar: atletismo en pista, bádminton, baloncesto, balomán, cross, duatlón,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

encontros multideportivos, fútbol sala, multixogo 6-8, natación, orientación, patinaxe artística, tenis de mesa, voleibol e voleibol sentado, xadrez e xogando co atletismo. A incorporación do voleibol sentado non é a única novidade inclusiva do Xogade, que organiza competicións de deportes por equipos como, por exemplo, bádminton, tenis de mesa, coa finalidade de garantir a participación de todas as persoas, incluídas as que teñan algunha diversidade funcional. Esta igualdade non só se consegue grazas á inclusión daquelas persoas con diversidade, senón tamén en cuestión de xénero. A actividade deportiva escolar foi realizada na tempada 2023/24 por un 53 % de nenos e un 47 % de nenas, tanto en participantes como en participacións.

Ademais, hoxe son 39 as federacións deportivas galegas que están dentro do Xogade: atletismo, bádminton, baile deportivo, baloncesto, balonmán, béisbol e sófbol, birlos, boxeo, ciclismo, deporte autóctono (modalidade deportiva de billarda), esquí náutico, fútbol, halterofilia, hípica, hóckey, judo e deportes asociados, karate e disciplinas asociadas, kickboxing e muay thai, kung-fu, montañismo (especialidades de escalada en rocódromo e salas de bloque, carreiras por montaña, sendeirismo e marcha nórdica), loita e disciplinas asociadas, motociclismo, natación, orientación, pádel, petanca, piragüismo, remo, rugby, salvamento e socorrismo, squash, surf, taekwondo, tenis, tenis de mesa, triatlón e péntatlon moderno, voleibol, xadrez e ximnasia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 8,4 M€ EN OPTIMIZAR A XESTIÓN DAS 28 DEPURADORAS DE AUGAS QUE EXPLOTA MEDIANTE LABORES DE CONTROL ANALÍTICO, INFORMES DE SEGUIMENTO E FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS PARA DIXITALIZAR O PROCESO

- O Consello autorizou esta mañá iniciar a contratación dun servizo de asistencia técnica e apoio á dirección de explotación que leva a cabo Augas de Galicia nas EDAR
- A empresa adxudicataria encargarase tamén de implantar en todas as plantas unha nova plataforma dixital que permita monitorizar en tempo real as infraestruturas de saneamento para poder coñecer e detectar posibles desviacións nos procedementos
- A medida enmárcase no apoio técnico e económico que ofrece o Goberno galego aos concellos para brindarles unha alternativa autonómica para xestionar estes servizos

A Xunta destinará 8,4 millóns de euros a optimizar a xestión e o funcionamento das estacións depuradoras de augas residuais urbanas (EDAR) que explota na Comunidade mediante a realización dunha serie de traballos de control analítico sobre as augas tratadas, a elaboración de estudos e informes de seguimento inherentes á propia xestión destas plantas e a aplicación de ferramentas tecnolóxicas que lle permitan seguir avanzando no proceso paulatino de dixitalización das instalacións hidráulicas.

Con tal fin, o Consello autorizou hoxe a entidade pública empresarial Augas de Galicia para contratar un servizo que garanta durante os anos 2025 e 2026 —e coa opción de prorrogalo por tres anos máis— a asistencia técnica á dirección de explotación de todas as EDAR que están baixo a súa xestión nestes momentos (un total de 28).

Estes traballos abranguen desde o control dos procesos depurativos, o seguimento de distintos parámetros, as comprobacións dos plans de mantemento preventivo e correctivo das instalacións e a realización de analíticas, para comprobar o cumprimento da normativa de tratamiento e xestión da auga, ata a redacción de informes e estudos de diferentes tipoloxías, necesarios para a propia xestión das plantas.

Ademais, como novidade, considérase necesario incorporar entre as funcións da futura asistencia técnica a recompilación e a homoxeneización da documentación xerada a través da aplicación de ferramentas tecnolóxicas específicas.

Neste sentido e co reto de avanzar na dixitalización das instalacións hidráulicas de Galicia, a empresa que asuma o contrato implantará nas 28 EDAR unha nova plataforma para monitorizar en remoto e en tempo real as infraestruturas de saneamento. Isto permitirá a recollida continua de datos de diferentes fontes relevantes para coñecer o estado dos procesos e as posibles desviacións mediante un elevado número de sinais dos sensores, dos equipamentos ou do control enerxético.

Así mesmo, o novo servizo de apoio e asistencia á dirección que realiza Augas de Galicia tamén incluirá a proposta de medidas ou mesmo da execución de obras e traballos que poidan garantir a mellor xestión, presente e futura, das instalacións de depuración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Lei do ciclo integral da auga

Aínda que a prestación dos servizos de saneamento e abastecemento é unha responsabilidade de competencia municipal, a Xunta leva anos prestando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o necesiten no marco dunha estratexia coa cal busca ofrecer unha alternativa de xestión autonómica dos servizos da auga.

Esta liña de colaboración viuse reforzada coa Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, que foi aprobada en 2022 e que desenvolve ferramentas de apoio aos municipios ante as dificultades que teñen algúns deles para a súa asunción; facilítase así que estes servizos os poida prestar directamente a Xunta mediante un sistema de adhesión voluntaria.

Na actualidade, Augas de Galicia encárgase da explotación de 28 depuradoras de augas residuais urbanas no conxunto da Comunidade. Delas, 14 son de titularidade municipal e están baixo xestión autonómica; 1, a de Praceres, que dá servizo a Pontevedra, Poio e Marín, é de titularidade autonómica; e as 13 restantes foron construídas no seu día mediante a fórmula de concesión.

Para realizar todos os traballos técnicos, administrativos e de control que require a explotación dunha infraestrutura hidráulica deste tipo, en todo caso, faise necesaria a contratación dun servizo de apoio técnico, asistencia e seguimento á dirección da explotación das estacións depuradoras que leva a cabo Augas de Galicia.

A licitación do contrato, unha vez autorizado polo Consello da Xunta, realizarase este mesmo mes de xullo e, aínda que inicialmente o servizo está pensado para as 28 EDAR que explota a empresa pública en día de hoxe, no orzamento xa se prevé a posibilidade de que durante a súa vixencia se incorporen novas estacións (ata un máximo de oito).

85 M€ para saneamento e depuración

Cómpre lembrar que o actual modelo de prestación de servizos autonómicos polo cal aposta o Goberno galego contribúe tamén a profesionalizar a xestión da auga, a garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e das rías de Galicia e a mellorar a calidade duns servizos que son básicos para a cidadanía.

Neste sentido, a Xunta mobilizará só este ano un orzamento total de 85 millóns de euros para financiar actuacións de saneamento e depuración de augas no conxunto da Comunidade, incluíndo os custos de explotación das 28 depuradoras de augas residuais urbanas xa mencionadas e que suman 25 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELEVA A 300.000 € O ORZAMENTO PARA OS COMEDORES DE ESCOLARES CON DISCAPACIDADE AO SUMAR UN ACORDO CO CENTRO LENDA EDUCATIVA, DE CARBALLO

- Destinaranse case 7.700 € para facilitar o servizo a 15 usuarios deste colexio
- Súmase aos acordos con 13 asociacións especializadas na atención a persoas con discapacidades e coa Deputación de Pontevedra para 557 alumnos con necesidades

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á subscrición dun acordo de colaboración coa sociedade cooperativa Lenda Galega, responsable do centro de educación especial do mesmo nome en Carballo, para prestar o servizo de comedor escolar adaptado a 15 usuarios deste colexio ao longo do vindeiro curso. Destinarase un orzamento de 7.689,6 € para este fin. Este convenio substitúe o tramitado anteriormente con Aspaber, que pechou o centro assumido agora pola devandita cooperativa.

Este acordo súmase aos xa autorizados con outras 13 asociacións especializadas na atención a persoas con discapacidades e coa Deputación de Pontevedra para facilitar o servizo de comedor escolar a usuarios do CEE Pontevedra. Deste xeito, o Goberno galego destinará o vindeiro curso 295.679,6 € a facilitar o servizo de comedor adaptado a 572 alumnos con necesidades educativas específicas escolarizados en centros especializados en atender a súa discapacidade.

Esta colaboración enmárcase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente.

Deste xeito, as diferentes asociacións e entidades comprométense a facilitarlle ao alumnado discapacitado a utilización do comedor escolar, ao asumir a súa atención e coidado durante o período comprendido entre o remate das clases matinais e a propia finalización do servizo de comedor. Cómpre sinalar o carácter educativo que para este alumnado con distintos tipos de discapacidades ten o comedor escolar, en canto á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN INICIA O EXPEDIENTE PARA CONTRATAR A SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO DE CALEFACCIÓN PARA 820 CENTROS DE ENSINO DE GALICIA POR CASE 15,6 M€

- Está previsto un consumo total de 14,7 millóns de litros de gasóleo tipo C nos dous anos de duración do contrato
- O contrato poderá prorrogarse dous anos e recolle a posibilidade de modificar ata un 20 % do importe de cada un dos 75 lotes para axustalo ás necesidades

O Consello da Xunta aprobou hoxe o inicio do expediente de contratación da subministración de gasóleo de calefacción para 820 centros dependentes da Consellería de Educación, Ciencia Universidade e Formación Profesional en todo o territorio galego. Para tal fin destinaranse case 15,6 M€ no período que vai do 26 de novembro deste ano (cando remata a prorroga do contrato anterior) e o mesmo día do ano 2026. Está previsto un consumo total de 14,7 millóns de litros de gasóleo tipo C nos dous anos de duración do contrato

O obxectivo do contrato é garantir a subministración de gasóleo para o servizo de calefacción nos centros públicos, ao tempo que planificar a súa adquisición de xeito que se acade un maior grao de optimización e control no fornecemento deste produto.

O contrato inclúe a subministración do combustible para a calefacción de 820 centros, en concreto dos centros dependentes da Consellería que imparten ensinanzas de educación especial, educación primaria, educación infantil e primaria, centros públicos integrados, institutos de educación secundaria, centros integrados de formación profesional, centros de ensinanzas artísticas, escolas oficiais de idiomas, escolas e conservatorios de música, escolas superiores de arte dramática, conservatorios de danza e centros residenciais docentes. Exclúense do expediente todos aqueles centros que non utilizan este tipo de combustible para a calefacción pola extensión progresiva da biomasa, entre outros motivos, e aqueles outros en que a existencia de instalacións compartidas e incluso, en moitos casos, depósitos de combustible compartidos facían imposible a oportuna separación do combustible utilizado e pagado polo centro do utilizado e pagado pola outra entidade coa cal comparten as instalacións.

En calquera caso, e dado que as necesidades educativas das zonas son variables, o prego de cláusulas administrativas prevé a posibilidade de modificación contractual, sempre que a modificación non exceda o 20 % dos litros de gasóleo de cada un dos 75 lotes en que se divide o expediente, agrupados por criterios xeográficos. Tendo en conta estas posibles modificacíons, así como a posibilidade de prorrogar o contrato por dous anos máis, o valor estimado de expediente ascende a máis de 30,9 M€.

A petición dos centros

O gasóleo será subministrado de forma sucesiva, acorde cos encargos realizados polos centros receptores por correo electrónico. O contratista realizará a subministración

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dentro dos dous días hábiles seguintes ao do envío do encargo, ante o responsable do contrato derivado (director do centro) ou persoa en quen delegue a tarefa, quen asinará o albarán de entrega da subministración que a empresa contratista lle entregue.

O contratista asume no prezo ofertado todos os gastos derivados do transporte e entrega do combustible e deberá realizar as entregas no prazo indicado, con independencia das peculiaridades dos accesos aos depósitos dos centros peticionarios.

Para poder coñecer as ditas peculiaridades de acceso aos depósitos, os licitadores poderán, antes de presentar a súa oferta, solicitar a visita ás instalacións dos centros dos lotes aos cales pretenda concorrer, poñéndose en contacto coas persoas que exerzan a dirección dos centros.

Coa finalidade de promover unha maior concorrencia e abrir o mercado a distribuidores retailistas, o acordo establece que cada empresa poderá concorrer á licitación dun máximo de 15 lotes e poderá resultar adxudicatario dun máximo de 10 lotes. Seleccionaranse as ofertas economicamente más vantaxosas en atención ao desconto sobre o prezo semanal publicado no Boletín Oficial del Petróleo da Comunidade Europea (BOPCE).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ OITO MILLÓNS DE EUROS ANUAIS AO NOVO CONTRATO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA CO OBXECTIVO DE SUPERAR AS 3.000 PERSOAS BENEFICIARIAS

O servizo esténdese xa por 200 concellos, chega a 2.500 persoas e reparte máis de 17.000 menús semanais

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao novo contrato do programa Xantar na Casa, a través do cal se garante unha alimentación saudable e equilibrada tanto a persoas maiores que viven soas, que son as principais destinatarias, como a aquelas en exclusión ou risco de exclusión social. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, destinará máis de 8 millóns de euros anuais á licitación deste contrato, que terá unha duración inicial dun ano prorrogable por un máximo de tres.

O Xantar na Casa é un dos programas más asentados da rede de recursos de proximidade que ten Galicia e da que tamén forman parte prestacións como o Servizo de axuda no fogar (SAF), a teleassistencia ou as casas do maior, entre outras. Estes servizos permítenlle ás persoas maiores manter unha vida autónoma e activa, sen ter que renunciar a vivir nas súas contornas ou a desprazarse longas distancias para recibir os coidados que necesitan.

Na actualidade, Xantar na Casa chega a 2.500 persoas e a 200 concellos, e repártense máis de 17.000 menús semanais. Con esta nova contratación acadaranse ao longo da súa vixencia os 3.100 beneficiarios, un 24 % máis, e permitirá estender o servizo a máis municipios. Este programa lévase a cabo en colaboración cos concellos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA O PROXECTO PARA A EXPLOTACIÓN DUNHA PLANTA DE CULTIVO DE ARANDOS MÁIS UNHA INDUSTRIA DE MANIPULACIÓN E ENVASADO EN CURTIS

- Promovida por Berries Passion, S.L., prevé un investimento de 20 M€ e a creación de polo menos 25 postos de traballo directos
- Permitirá a posta en marcha dunha plantación dedicada ao cultivo de diferentes tipos de arandos e dunhas instalacións para a manipulación e envasado de produtos horto-frutícolas

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como iniciativa empresarial prioritaria do proxecto para a posta en marcha dunha explotación dunha planta de cultivo de arandos más unha industria de manipulación e envasado de produtos horto-frutícolas en Curtis. A iniciativa está promovida pola empresa Berries Passion, S.L. e conta cun investimento de 20 M€.

A actividade desenvolverase en 15 parcelas cunha superficie total de 1.053.636 m² para a actividade de producción, así como 10 parcelas madeirables cunha superficie de 100.233 m², mentres que a industria agroalimentaria dedicada ao procesamento e selección do cultivo do arando contará cunha extensión de 21.296 m² e estará situada no polígono industrial de Teixeiro. Coa creación deste centro horto-frutícola, os seus promotores aspiran a xerar un produto de calidade recorrendo a un sistema de producción agrícola ecológico, que sería comercializado baixo a marca da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

A proposta impulsada por Berries Passion, S.L. cubre todas as etapas, desde a plantación, producción, recolección, manipulación, transformación e comercialización, no marco do cumprimento coa estratexia europea Da granxa á mesa, e o seu obxectivo pasa por desenvolver un sistema alimentario europeo sustentable, desde a producción ata o consumo. Ao tempo, pretende pór en valor os alimentos de calidade en prol dun sector moderno, innovador, competitivo e eficiente desde o punto de vista económico, social e ambiental.

O proxecto cumple cos requisitos para recibir esta declaración: supera o volume de investimento mínimo fixado nun millón de euros (en concreto, serán 19.963.830,77 M€) e supón a creación dun mínimo de 25 postos de traballo directos, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa.

A nova declaración aprobada no Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto pero ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito xa son 27 as iniciativas empresariais prioritarias declaradas e lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira), Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense), Novafrigsa (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Hornos de Lamastelle (Carballo), Armonía Green Galicia (A Coruña), Cafés Candelas (Lugo), Bioenergía A Coruña (A Laracha), Valogreene Recinor (As Somozas), Green Umia (Caldas de Reis), Green Meiga (Begonte), Kern Pharma (Monforte de Lemos), Queserías Entrepinares (Vilalba) Granja Campomayor (Palas de Rei), a planta de Universal H2 (As Pontes) e a planta biotecnolóxica In Proteins for All en Curtis; o centro de Borgwarner en Nigrán; a planta de hidróxeno verde de Accionaplug en Arteixo; a planta de producción de hidrocarburos sintéticos de Greenalia e P2X-Europe en Curtis, unha planta de pélets e de coixeración eléctrica en Pedrafita do Cebreiro, a planta de biometano e fertilizantes de Bioetanol Galicia e agora este proxecto de Berries Passion, estes dous últimos en Curtis.

Esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con más simplificación administrativa; más incentivos fiscais ás empresas, e más facilidades para acceder ao solo empresarial. A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urgente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios por parte da Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de barreiras á actividade empresarial.

Desde este ano, na estratexia da Xunta de Galicia dirixida á atracción de investimentos industriais e ao avance na redución de burocracia, a Xunta incorpora novedades na tramitación de proxectos industriais, como o novo plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, no cal se poden incluir os proxectos que superen os 800.000 euros e teñan incidencia no tecido industrial, ou a extensión da figura dos proxectos industriais estratégicos a proxectos de menor envergadura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CONCELLO DE RIÓS ASINAN UN CONVENIO PARA A REFORMA E MELLORA DE RÚA EN FUMACES, CUN INVESTIMENTO QUE SUPERA OS 300.000 EUROS

- Trátase dunha colaboración entre o Goberno galego e o Concello de Riós, que facilitará a accesibilidade neste núcleo do municipio ourensán polo que pasa a Vía da Prata, o que contribuirá á mellora paisaxística da contorna do Camiño de Santiago
- A Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume o 70 % do orzamento, preto de 215.000 €, que contratará e executará as obras
- Esta actuación forma parte do Plan Hurbe impulsado pola Xunta, co cal se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da Comunidade, como motores de dinamización
- O Goberno galego continúa traballando coas entidades locais no impulso de accións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio co Concello de Riós para executar as obras de reforma e mellora de rúa en Fumaces, que suporán un investimento que rolda os 307.000 euros.

A Xunta, a través desta cooperación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, achegará o 70 % do orzamento desta intervención, con preto de 215.000 euros, que contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello de Riós asumirá o 30 % restante do custo das obras, 92.000 euros, así como a redacción do proxecto das obras, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións que se levan a cabo.

A través deste convenio, ao abeiro do chamado Plan Hurbe impulsado polo Goberno galego co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, preténdese mellorar a accesibilidade da poboación do municipio ourensán e contribuír á mellora paisaxística da contorna do Camiño de Santiago

A intervención obxecto da colaboración autorizada hoxe no Consello da Xunta baséase no acondicionamento dun tramo da rúa de Fumaces, núcleo pertencente á localidade de Riós e polo que pasa a Vía da Prata. Na actualidade, esta rúa está en mal estado de conservación, ao contar cun pavimento moi deteriorado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para iso, realizarase unha reforma da rúa, levantando o pavimento existente, arranxando aqueles tramos da canalización de augas pluviais que presenten deficiencias e colocando unha nova pavimentación acorde coa contorna do Camiño de Santiago.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025.

Este actuación enmárcase na continuada colaboración entre a Xunta e as entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través de distintas medidas e de liñas de colaboración como o Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da Comunidade como motores de dinamización, ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA INFORMA DA AUTORIZACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DE 4 EDIFICIOS PARA CREAR 14 VIVENDAS PARA ALUGAMENTO SOCIAL EN OURENSE, RIBADAVIA E TUI

- Salienta que unha das liñas da política de vivenda da Xunta é apostar pola rehabilitación, especialmente nos cascos históricos, o que tamén permite "darlles vida e evitar a súa degradación"
- A licitación destes contratos dividirase en tres lotes distintos, un por municipio, e suporá un investimento global de preto de 3,2 millóns de euros
- Os inmobles foron adquiridos pola Xunta, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, no marco do Programa Rexurbe, por un importe de máis de 630.000 euros e están situados nos conxuntos históricos destes concellos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu o seu visto e prace á contratación das obras de rehabilitación de catro edificios para crear 14 vivendas para alugamento social no núcleo histórico da cidade de Ourense e nos núcleos das vilas de Ribadavia e Tui.

O titular do Executivo autonómico sinalou que unha das liñas da política de vivenda da Xunta é apostar pola rehabilitación, especialmente nos cascos históricos, o que ademais permite "darlles vida e evitar a súa degradación".

As actuacións cuxa licitación autorizou hoxe o Goberno galego suporán un investimento global de preto de 3,2 millóns de euros. A contratación das obras realizarase por lotes co obxectivo de rehabilitar estes catro inmobles adquiridos pola Xunta, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), no marco do Programa Rexurbe, por un importe de 633.359 euros.

Todas as vivendas rehabilitadas serán cualificadas como de promoción pública, polo que pasarán a formar parte do parque de vivendas propiedade da Xunta e serán adxudicadas en réxime de alugamento social, para o que se recorrerá ás persoas inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia.

A licitación destes contratos autorizados hoxe polo Executivo autonómico dividirase en tres lotes distintos, un por municipio. En conxunto, o obxectivo é habilitar un total de 14 vivendas, e inclúese a habilitación de 14 rochos e 3 de locais.

O lote primeiro correspón dese coa contratación das obras de rehabilitación integral de dous edificios na cidade de Ourense.

Un dos inmobles en que se vai a actuar está situado na praza de Manuel Sueiro, 3- esquina Liberdade 28, no núcleo histórico, e o obxectivo é destinalo a 5 vivendas de promoción pública (unha delas adaptada), que contarán, ademais, con 5 rochos e 1 local.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A superficie construída total será de 740,96 m² e o orzamento de licitación das obras rolda o 1,1 M€.

Este edificio que se vai rehabilitar procede da agregación das parcelas situadas na rúa Liberdade 28 e na praza Manuel Sueiro 3, que foi aprobada polo Concello de Ourense con base no estudo de detalle presentado polo IGVS.

O segundo inmoble sitúase na rúa Pelaio 9, tamén no núcleo histórico de Ourense, e destinarse a 1 vivenda de promoción pública. O inmoble que se vai rehabilitar ocupa toda a parcela, cunha superficie de 49,97 m², e consta de planta baixa, tres plantas e baixo cuberto; a súa superficie construída é de 187,77 m². O orzamento desta obra achégase aos 253.000 euros.

No concello de Ribadavia o obxectivo é realizar traballos nun edificio en esquina, situado na praza García Boente, 1, para destinalo a 5 vivendas de promoción pública, 5 rochos e 1 local.

Esta edificación está situada en solo cualificado como solo urbano consolidado, dentro do ámbito do núcleo histórico de Ribadavia. O soar ten unha superficie de 260 m², que serán ocupados na súa totalidade pola edificación. A superficie construída é de 855,51 m² e o orzamento da obra supera o 1,1 M€.

En Tui, na provincia de Pontevedra, proponse a contratación das obras de rehabilitación integral dun inmoble na rúa Bispo Castañón, 20, para dedicalo a 3 vivendas de promoción pública, 3 rochos e 1 local. Esta edificación está situada en solo cualificado como solo urbano consolidado, dentro do ámbito do núcleo histórico da vila. A superficie construída é de 663,4 m² e o orzamento de licitación da obra supera os 692.000 euros.

Todos os proxectos compren o Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. En concreto, teñen en conta as prescripcións sobre eficiencia enerxética, consumo de enerxía non renovable, circularidade e xestión de residuos, que se reflictan no dito decreto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR 3,6 MILLÓNS DE EUROS O NOVO CONTRATO PARA O TRANSPORTE AÉREO DE ÓRGANOS NAS ÁREA SANITARIAS DA CORUÑA E CEE E DE SANTIAGO E BARBANZA

- O contrato garantirá a dispoñibilidade dunha aeronave para o traslado de órganos para transplantes, así como do equipo sanitario e da tripulación necesaria para este tipo de intervencións
- Terá unha duración inicial de tres anos, ata 2027, e poderá prorrogarse por 24 meses máis, caso en que se elevaría ata os 6,2 millóns de euros
- Galicia mantense como un das comunidades de referencia nos ámbitos da doazón e do transplante de órganos, cuns incrementos de actividade no primeiro semestre do ano do 64 % e do 32 %, respectivamente

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación do servizo de fretamento de aeronaves para o transporte aéreo de órganos humanos para transplantes, así como do persoal sanitario encargado da súa extracción. O Executivo galego destinará un total de 3.677.237 millóns de euros para garantir esta cobertura durante os tres anos vindeiros nas áreas sanitarias da Coruña e Cee e de Santiago de Compostela e Barbanza.

O obxectivo principal deste contrato é dotar ambas as dúas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde dun medio de transporte áxil que lle permita ao persoal encargado da extracción chegar en tempo e forma ás persoas doantes e receptoras, garantindo a viabilidade dos órganos para o transplante.

Deste xeito, o contrato garantirá a dispoñibilidade dunha aeronave, coa súa correspondente tripulación, para levar a cabo o traslado do equipo sanitario desde a orixe e ata o aeroporto de destino, así como a recollida dos órganos xa extraídos, no aeroporto que se lle indique e ata o seu traslado final.

Unha vez iniciado este procedemento aberto, estímase que o contrato entre en vigor o vindeiro 1 de decembro e a súa duración estenderase ata o ano 2027. O contrato tamén recolle unha posible prórroga, por 24 meses máis, cun investimento estimado neste caso que acadará os 6.222.951 euros.

Con esta actuación, a Xunta reforza as prestacións sanitarias que lle achega á poboación galega en materia de transplantes, de acordo ao aumento de actividade que se produciu nas últimas décadas, e tamén polo incremento da súa demanda debido ao envellecemento da poboación.

A contratación deste servizo ten unha repercusión vital para moitas persoas que precisan a substitución dun (ou de varios) dos seus órganos. Xa que logo, incide de forma directa na calidade de vida dos galegos e galegas, ao se acadaren uns servizos sanitarios eficientes, áxiles e coas máximas garantías.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia, referente en doazóns e transplantes

A Comunidade galega continúa a ser unha das autonomías de referencia no que atinxe á doazón e ao transplante de órganos.

Así, e segundo os últimos datos da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue, ADOS, a actividade de doazón en Galicia aumentou nestes primeiros seis meses de ano un 64 %, 82 doantes, respecto do mesmo período do ano 2023, cando foi de 50 doantes.

En canto aos transplantes, a actividade tamén se incrementou nun 32 % en comparación co primeiro semestre do ano 2023, dado que se realizou un total de 222 transplantes, fronte a 168 dos primeiros seis meses do ano pasado.

No ámbito dos transplantes, destaca o aumento rexistrado nos de fígado, que se incrementaron nun 47 % (66 transplantes fronte a 45); nos de pulmón, un 39% (32 fronte a 23); e nos renais, nun 31% (110 fronte a 84) respecto do ano 2023.

Así mesmo, cómpre destacar que no primeiro semestre do ano 2024 Galicia recibiu un total de 48 órganos procedentes doutras comunidades autónomas e mesmo doutros países de Europa, como Portugal e Francia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA INCREMENTAR O APOIO Á ASOCIACIÓN ESCENA GALEGA PARA IMPULSAR O PROGRESO PROFESIONAL DO SECTOR

- Aumenta ata os 28.000 euros a dotación do novo convenio de colaboración, o que supón unha suba do 12 % respecto ao ano 2023
- Prevense labores de asesoramento nas áreas legal, de xestión, distribución, comunicación e lingüística, ademais de na asistencia a feiras e foros especializados e na análise das redes de distribución de espectáculos

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a renovación do convenio de colaboración coa asociación Escena Galega por valor de 28.000 euros, o que supón un incremento do 12 % respecto á contía consignada en 2023. A finalidade do apoio é contribuír ao impulso das empresas do sector a través da organización de distintas actividades de formación, consultoría e capacitación profesional.

O convenio, que se enmarca na liña de dinamización cultural de asociacións, federacións e colectivos do eido escénico, musical e audiovisual da planificación estratégica da Axencia Galega das Industrias Culturais, prevé a continuidade de Acompaña, un proxecto de consultoría nas áreas de xestión económica e empresarial, de comunicación, de distribución e de asesoramento lingüístico. Tamén recolle labores de asesoramento legal especializado, así como de asistencia a feiras, foros e mercados de interese, ademais dunha nova estratexia da asociación, centrada na análise do funcionamento das redes de contratación escénica de Galicia.

Outras dúas iniciativas propostas que serán apoiadas mediante este acordo son a realización dunha cuarta edición da xornada de venda e promoción escénica, dirixida aos profesionais de Galicia e Portugal, así como a entrega dos recoñecementos Escena Galega, cos cales se premia a actividade de persoas ou entidades especialmente implicadas co desenvolvemento e coa visibilidade do sector.

Respecto ao réxime do convenio, o Consello autorizou, así mesmo, a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % das subvencións concedidas e a exención da obriga de constituír garantías en depósito.

Escena Galega é actualmente a entidade que aglutina o maior peso específico dentro do sector, ao integrar 58 compañías e empresas produtoras nos ámbitos do teatro, monicreques, novo circo e danza e artes do movemento. Nos últimos catro anos incorporou máis de 20 novos asociados, sobre todo das devanditas dúas últimas disciplinas, o que sitúa a asociación como un elemento central do panorama escénico profesional galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOSTA POR POTENCIAR AS PRAZAS DE ABASTOS E TRANSFORMALAS EN 'MERCADOS EXCELENTES' COMO EIXES DO COMERCIO LOCAL E VERTEBRADORES DO TERRITORIO

- O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, dotada con preto de 1,3 M€, para fomentar unha rede de mercados galegos con este selo de excelencia
- O indicativo pode ser solicitado por concellos, asociacións ou federacións de prazas de abastos e mercados, e outórgase con base no cumprimento duns estándares, que están a ser redefinidos en coordinación co sector para atender as novas realidades
- Nesta mesma liña, a través deste recoñecemento a Xunta quere distinguir as prazas de abastos e mercados que apostan pola experiencia na compra, respondendo ao reto da innovación sen perder a autenticidade e a tradición
- O obxecto da nova orde é promover, por un lado, actuacións dirixidas ao mantemento e mellora dos mercados excelentes existentes e, por outro, accións de mentoría, de formación ou obras de construción para que outros poidan acadar este selo
- Impúlsanse estes espazos como elementos estratégicos dentro das vilas e cidades, favorecendo a súa integración na contorna e a súa capacidade dinamizadora para o sector primario, comercial e turístico, e en cooperación cos centros comerciais abertos

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a unha nova convocatoria da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que, cun orzamento de 1.280.000 euros, busca potenciar as prazas de abastos e mercados e transformalos en mercados excelentes, dentro da apostase da Xunta pola revitalización destes espazos comerciais como vertebradores do territorio e xeradores de riqueza e emprego.

Nesta liña queda enmarcado o impulso ao selo de Mercado Excelente, co cal o Goberno autonómico reconece as prazas de abastos e mercados galegos que están a responder aos retos de modernización e innovación sen perder a súa autenticidade e tradición, a súa proximidade e trato personalizado, e que apostan por converter a compra nestes espazos nunha experiencia para os clientes. Este indicativo pode ser solicitado por concellos, asociacións ou federacións de prazas de abastos e mercados, e outórgase con base no cumprimento duns estándares que están a ser redefinidos pola Xunta en coordinación co sector, para atender as novas realidades –e potencialidades– destes espazos.

O obxecto desta nova orde de achegas é, polo tanto, fomentar unha rede de mercados con este selo de excelencia, sinónimo de diferenciación e calidade. Así, por un lado, promoveranse actuacións dirixidas ao mantemento e mellora dos mercados excelentes xa existentes e, por outro, apoiaranse accións de mentoría, de formación, de consultoría ou obras de construción para que outros poidan acadar este selo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con estas axudas búscase posibilitar actuacións que sirvan para fomentar a mellora deste tipo de instalacións, atender as necesidades de comerciantes e clientes, aproveitar a situación estratégica dos mercados nas cidades e vilas da nosa comunidade autónoma e potenciar estes espazos como o mellor escaparate do produto galego agroalimentario de calidade, ademais da súa capacidade de dinamización comercial e turística.

Deste xeito, perséguense vencellar as prazas de abastos ás contornas en que se integran, ao producto local e a valores como a sustentabilidade, a protección do ambiente, o trato personalizado e o compromiso coa sociedade, así como mellorar a súa accesibilidade, acadar a súa modernización e dixitalización e incrementar os servizos que prestan, favorecendo a coordinación, por exemplo, cos centros comerciais abertos.

Detalles da convocatoria

No marco das axudas a concellos, haberá achegas tanto para os que xa contan co selo como para os que o queiran implantar. En concreto, para potenciar a Rede de mercados excelentes de Galicia, os municipios que xa contan con esa figura poderán recibir axudas para accións enfocadas ao mantemento e mellora deste estándar de calidade, ademais de, como novidade, desenvolver campañas de dinamización comercial cun investimento máximo de 10.000 euros e para o deseño da imaxe corporativa do mercado.

Mentres, as prazas de abastos que non sexan aínda mercado excelente poderán sufragar accións de mentoría e de formación dos praceiros e praceiras, de consultoría especializada, de diagnose da situación e usos do mercado ou a elaboración da documentación necesaria para levar a cabo as actuacións destinadas a acadar o selo, ademais doutras actuacións de mellora.

Nesta mesma liña, nas axudas a municipios hai dúas liñas máis de achegas, destinadas á adquisición de equipamento e eficiencia enerxética. Canto ás asociacións de prazas de abastos e mercados, financiaránseles actuacións de dinamización e revitalización no marco de proxectos de incentivación da demanda e do consumo ou mantemento dos *marketplace*, na mesma liña que no relativo ás federacións.

Decidido apoio ao comercio

A convocatoria, que o ano pasado beneficiou 33 entidades de toda Galicia a través dunha dotación superior aos 1,1 millóns, intégrase no compromiso da Xunta polo mantemento e reforzo do tecido comercial no conxunto do territorio galego, para afianzar o crecemento económico mediante a xeración de riqueza e emprego, ao tempo que se fixa poboación. Nese senso, a Consellería convocou este ano outras ordes, como os 2,25 M€ para impulsar a innovación e dinamización dos centros comerciais abertos.

Todo isto converxe no Plan estratégico do comercio galego que se está elaborando cos axentes do sector, unha planificación en materia de transformación dixital, innovación e modernización do sector comercial e tamén artesanal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MEDIO RURAL RATIFICA O ACORDO COS SINDICATOS PARA A MELLORA DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIIS

- Este acordo coas organizacións sindicais CIG, CC OO, CSIF e UGT beneficia os profesionais funcionarios que ocupan os máis de 1.400 postos de 12 meses do servizo (SPIF)
- Establécese un cuadrante con quendas de traballo rotatorias, cun descanso mínimo de 12 horas entre xornadas e cunha xornada diaria de 10 horas, salvo no caso de incendios en situación operativa 2, ademais de compensacións económicas por cada dous domingos ou festivos traballados
- O acordo asinado polas catro organizacións sindicais súmase á ampliación temporal dos contratos do persoal laboral do SPIF que levou a cabo a Xunta e mediante o cal os traballadores que teñen contrato de seis meses pasarán a completar os nove de forma progresiva no 2026

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao acordo cos sindicatos CIG, CC OO, CSIF e UGT mediante o cal se seguen mellorando as condicións de traballo do persoal funcionario do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF). Estas benefician os profesionais que ocupan os máis de 1.400 postos de 12 meses do SPIF e supoñen unha resposta ás demandas dos traballadores tras a funcionalización do persoal do servizo.

Nesta liña, aprobouse un cuadrante con quendas de traballo rotatorias entre as 0 e as 24 h, cunha xornada diaria de 10 h, salvo no caso de incendios de situación operativa 2 (os de maior gravidade), e cun descanso mínimo de 12 h entre elas. Ademais, os traballadores recibirán gratificacións por cada hora prolongada en materia de servizos extraordinarios cando estes sexan necesarios e unha compensación económica por cada dous domingos ou festivos traballados, que se incrementarán no ano 2025.

Anteriormente, o persoal en réxime de quendas contaba cunha regulación propia das súas condicións de traballo, que figuraba como anexo ao V Convenio colectivo único de persoal laboral da Xunta de Galicia. Agora, este acordo permite, entre outras novedades, que os profesionais poidan ter a mesma secuencia e horarios todo o ano, diminúe tamén o número de días de traballo ao realizar xornadas de 10 horas, garántese que sempre se libre un fin de semana cada dous, establécese unha compensación con descanso e elimínanse as prolongacións de xornada, agás no caso de situacións operativas 2.

Para garantir o cumprimento de todo o proposto, encargarase do exame e resolución de cantas cuestións deriven da interpretación e aplicación do acordo unha comisión de seguimento. Estará integrada por dous membros titulares en representación de cada organización sindical asinante que forman parte da mesa xeral de empregados públicos e igual número de membros por parte da Administración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Aposta pola estabilización do persoal

Este proceso vén completar o desenvolvido nos últimos anos para incrementar progresivamente o período de actuación dos traballadores dun dispositivo formado por arredor de 3.000 persoas, das cales actualmente xa dous terzos traballan todo o ano. Unha vez completado o novo proceso de estabilización, aprobado a comezos deste ano, todos os integrantes do servizo traballarán, como mínimo, ao longo de 9 meses ao ano en 2026. De feito, dous terzos deste persoal xa o fai actualmente 12 meses, mentres que o terzo restante este ano o fai 7, un mes máis con respecto a 2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 1,4 M€ Á FORMACIÓN DOS PROFESIONAIS DO SECTOR PESQUEIRO CO FIN DE FACELO MÁIS COMPETITIVO E CONTRIBUÍR Á REMUDA XERACIONAL

- Estas achegas, cofinanciadas polo FEMPA, repartiranse entre as anualidades 2024 e 2025 e complementan a ensinanza que xa se imparte nos centros de formación da Consellería como ensinanza non regrada
- Como novidade, e logo de escoitar o sector, permíteselles acceder a todas as persoas traballadoras por conta allea vinculadas á actividade pesqueira
- A finalidade é mellorar as capacidades dos profesionais cunha aprendizaxe permanente, facilitar a súa integración en actividades complementarias da pesca, reducir os accidentes laborais e favorecer a incorporación de xente nova
- As accións subvencionables van desde a formación específica marítima e náutico-pesqueira ata actividades de mellora das competencias dixitais, de innovación, xestión empresarial ou ambiental dos ecosistemas mariños, e a economía azul
- A través desta iniciativa, na convocatoria pasada, que incluíu 86 cursos, formáronse preto de 1.300 persoas

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas para accións formativas que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro. Esta convocatoria, que conta cun orzamento de 1,4 millóns de euros para repartir entre as anualidade 2024 e 2025, ten por obxectivo favorecer a mellora da capacitación dos profesionais do mar e a remuda xeracional no sector.

Destas achegas, que están cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), poden beneficiarse as confraría de pescadores e as súas federacións, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións profesionais e as demais entidades asociativas de profesionais do sector pesqueiro con sede social en Galicia, que poden concorrer tanto de xeito individual como conxunto. Como novidade, nesta convocatoria permíteselles acceder ás persoas traballadoras por conta allea vinculadas á actividade pesqueira, polo que se dá así resposta ao que era unha demanda reiterada deste colectivo.

Este modelo de apoios vén complementar a formación que se imparte nos centros de formación da Consellería como formación non regrada e pretende favorecer unha mellor adaptación dos cursos ás necesidades dos seus destinatarios, pois as confraría ou entidades asociativas –como promotores da formación– poderán adecuar o desenvolvemento das actividades formativas ás datas e horarios que mellor se axusten ao labor dos profesionais da súa área de influencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A finalidade é impulsar a competitividade do sector extractivo, mellorar as capacidades dos traballadores do mar para facilitar a súa aprendizaxe permanente, a súa integración en actividades complementarias da pesca e reducir os accidentes no sector, así como favorecer a remuda xeracional mediante a formación de novos profesionais que se incorporen ás actividades marítimo-pesqueiras. Trátase de actuacións que contribúen a xerar emprego e riqueza nas zonas costeiras e a mellorar o conxunto da economía de Galicia.

A orde establece que a intensidade das axudas pode acadar o 100 % do investimento subvencionable e aos importes directos subvencionables poderase engadir en concepto de custos indirectos o 7 % dos custos directos, co obxectivo de compensar os gastos en que incorren as entidades do sector para organizar as accións formativas.

Actividades formativas

As accións que se van desenvolver poden ser cursos de formación específica marítima e náutico-pesqueira para o sector –os que requiren os profesionais do mar de xeito continuo–, cursos de mariñeira ou mariñeiro pescador –dirixidos a todo tipo de persoas que queren entrar no sector, polo que son fundamentais para a remuda xeracional–, actividades de mellora das competencias dixitais ou de xestión sustentable dos recursos e ecosistemas mariños.

A eles engádense, entre outros, os de innovación, xestión empresarial, emprendemento, comercialización e seguridade alimentaria, igualdade de oportunidades no sector, seguridade e hixiene no traballo, lexislación e xestión ambiental dos ecosistemas mariños ou economía azul.

A través desta iniciativa, na convocatoria pasada, que incluíu 86 cursos, formáronse 1.285 persoas, das cales 1.006 foron homes e 279 mulleres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O MINISTERIO DE EDUCACIÓN ASINAN O CONVENIO QUE APROBA O PLAN DE ACTUACIÓN PLURIANUAL DO IGAFIA E DO IPMPA ATA O 2026

- Estes dous institutos, dependentes da Consellería do Mar, están recoñecidos como centros de referencia nacional (CRN) polas súas accións en innovación e experimentación en materia profesional
- No curso 2023/24, que acaba de rematar, recibiron formación no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafa) 82 persoas e no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico (IPMPA) 211 persoas

Hoxe o Consello da Xunta deu o visto e prace á sinatura do convenio entre o Administración autonómica e o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes polo que se aproba o Plan de actuación plurianual 2023-2026 do Centro de Referencia Nacional de Pesca e Navegación e do Centro de Referencia de Acuicultura e Mergullo no ámbito profesional. En concreto, o documento fai referencia ao Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo (IPMPA) e ao Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafa), dependentes da Consellería do Mar.

Segundo a normativa vixente, son considerados centros de referencia nacional os centros públicos que realicen accións de innovación e experimentación en materia profesional. Os dous con que conta a Comunidade permítena coordinar, mediar, coñecer e investigar desde a primeira liña do sector pesqueiro no ámbito da formación profesional. Ademais, fai posible manter un contacto directo con todas as innovacións e melloras do mercado e ser propoñentes das modificacións precisas para adaptar a formación profesional ás novas demandas do mercado

Mediante este convenio entre a Administración xeral e o Goberno galego aprobase o Plan de actuación plurianual de cada centro para que, posteriormente e con periodicidade anual, no seo das comisións de coordinación e seguimento dos convenios para a cualificación e creación dos centros de referencia nacional, sexan aprobados os correspondentes plans de traballo anuais en que se concretarán as actuacións que cumplirá realizar e a achega económica da Administración xeral do Estado. Nos correspondentes ao 2022-2023 o financiamento para o Centro de Referencia Nacional de Acuicultura e Mergullo supuxo un importe total de 55.080 €, e para o Centro de Referencia Nacional de Pesca e Navegación de 74.775 €.

Na actualidade, no Igafa impártese no ámbito da formación profesional o ciclo superior en Acuicultura, o ciclo medio en Cultivos Acuícolas e o ciclo medio en Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas, aos cales hai que sumar outros cursos para o fomento do emprego. Pola súa banda, no Ipmpa ofrécese formación nas titulacións de ciclo superior de Navegación, Pesca e Transporte Marítimo, de ciclo medio en Navegación e Pesca de Litoral, de ciclo superior e ciclo medio de Supervisión e Control de Máquinas e Instalacións do Buque.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Remuda xeracional

No pasado curso 2023/24 o Igafa e o IPMPA contaron con 82 e 211 matriculados, respectivamente, dos 494 inscritos nalgún dos catro centros formativos autonómicos dedicados á formación pesqueira, que se suman ás máis de 7.000 persoas que cursaron algunha destas titulacións desde o curso 2008/09. O orzamento da Consellería do Mar destinado á formación marítimo-pesqueira nos centros autonómicos ascendeu neste 2024 a 10,58 M€ co obxectivo de seguir afondando na necesaria remuda xeracional no sector pesqueiro galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA ACHEGA AO SECTOR MARISQUEIRO PRETO DE 420.000 EUROS PARA PALIAR AS PERDAS DO ÚLTIMO TRIMESTRE DE 2023 COMO CONSECUENCIA DOS TEMPORAIS

- A través desta orde de axudas, a Consellería do Mar contribúe a asegurar a viabilidade da actividade marisqueira e pesqueira, que se viu comprometida polas perdas de producción ou minoración dos ingresos económicos por mor das incesantes precipitacións
- Beneficiaránse desta iniciativa 73 confrarías de pescadores, as súas federacións, así como as cooperativas do mar, asociacións e profesionais e as demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector
- As subvencións van desde os 4.000 euros, como mínimo, aos 20.000, como máximo

O Consello da Xunta deu conta da orde de axudas directas de carácter extraordinario coas cales a Consellería do Mar garante a sustentabilidade das entidades asociativas do sector marisqueiro, que se viron comprometidas polas perdas de producción ou diminución dos ingresos económicos no último trimestre de 2023 como consecuencia dos fortes temporais. En total, o departamento autonómico achega preto de 420.000 euros a 73 confrarías de pescadores, federacións, cooperativas, asociacións e profesionais que son titulares de plans de xestión para recursos marisqueiros en 2024.

As incesantes precipitacións rexistradas desde outubro a novembro do ano pasado provocaron unha alta mortaldade dos bivalvos. Segundo datos da Federación Galega de Confraría de Pescadores e das federacións provinciais, esta caída na producción cifrase no 80 % e, asociado a isto, os colectivos prexudicados acusan unha considerable perda de ingresos. Esta circunstancia está tendo, por tanto, un efecto arrastre no só para as persoas mariscadoras, senón tamén para as entidades que a integran, dado que son estas, encaixadas no ámbito da producción primaria do sector do mar, as que lles axudan a adaptarse e fazer fronte aos constantes cambios que se producen no seus recursos e ao ámbito de organización e funcionamento interno.

Por tanto, a resolución aprobada está destinada, precisamente, a garantir a viabilidade do sector marisqueiro, que tivo importantes perdidas, o que repercuten nas posibilidades para recuperar a producción e, avogar así, polo abastecemento dos produtos do mar á poboación e por coadxuvar a reforzar a senda de crecemento do noso país.

Ao redor de 2.700 mulleres e 900 homes teñen licenza en Galicia para mariscar e constitúen decenas de poboacións mariñeiras as que se viron afectadas polas intensas chuvias, co consecuente descenso da salinidade da auga mariña ata provocar niveis mortais para o marisco, especialmente en bivalvos de interese comercial, é dicir, os 7,66 millóns de euros facturados en 2023 supoñen case a metade dos 14,16 de 2022 e menos da metade dos 18,08 de media dos cinco anos anteriores.

Distribución das axudas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A contía das axudas distribúese do seguinte xeito: 12.500 euros por federación de confrarías de pescadores e, para o resto das entidades beneficiarias, a contía mínima da axuda fíxase en 4.000 euros. Para os colectivos dependentes do marisqueo, o importe da subvención será, sen prexuízo do punto anterior, equivalente ao 5 % da caída do valor económico das producións tanto a pé como desde embarcación nos meses de outubro e novembro de 2023 respecto ao mesmo período de 2022. En todo caso, estipúlase un importe máximo da achega non superior aos 20.000 euros por cada receptor.

Deste xeito, as 73 entidades que resultan beneficiarias son as seguintes: confrarías de Ribadeo, Foz, Burela, San Cibrao (Cervo), Celeiro (Viveiro), O Vicedo, O Barqueiro, Espasante, Cariño, Cedeira, Ferrol, Barallobre (Fene), Mugardos, Ares, Pontedeume, Miño, Sada, Lorbé (Oleiros), Mera (Oleiros), A Coruña, Caión, Malpica, Corme (Ponteceso). Laxe, Camelle (Camariñas), Camariñas, Muxía, Fisterra, Corcubión, O Pindo (Carnota), Lira (Carnota), Muros, Noia, Portosín, Porto do Son, Aguiño (Ribeira), Ribeira, Palmeira (Ribeira), A Pobra do Caramiñal, Cabo de Cruz (Boiro), Rianxo, Carril (Vilagarcía), Vilaxoán (Vilagarcía), Vilanova, A Illa de Arousa, Cambados, O Grove, Portonovo (Sanxenxo), Sanxenxo, Raxó (Poio), Pontevedra, Lourizán (Pontevedra), Marín, Bueu, Aldán-O Hío (Cangas), Cangas, Moaña, Arcade (Soutomaior), Redondela, Vigo, Baiona, A Guarda e Vilaboa; ademais das federacións provinciais de confrarías da Coruña, Lugo, Pontevedra e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores; asociacións mariscadoras de San Cosme-Barreiros, de Cariño e da Asociación de Confrarías da Ría de Vigo; agrupación de mariscadoras do Río Anllóns; cooperativa Ría de Arousa-Abanqueiro; e agrupación Santa Helena de Badaio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O NOVO PLAN DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS REFORZA O LABOR DE ASESORAMENTO PARA MELLORAR OS CENTROS E IMPULSAR O ENVELLECIMENTO ACTIVO

- O obxectivo para este ano 2024 é incrementar nun 10 % o número de inspeccións, ata superar as 1700
- Revisaranse o 100 % dos centros de menores e o 90 % das residencias de maiores, entre outros equipamentos e programas que dependen da Administración autonómica
- O servizo de Inspección reforzouse recentemente coa incorporación de dez novos profesionais

O Consello da Xunta deu conta hoxe do Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2024, que ten como finalidade garantir unha atención de calidade nos centros de menores e infancia, naqueles que atenden maiores e persoas con discapacidade e nos recursos de inclusión e comunitarios. Ademais, o plan reforza o labor de información e asesoramento dos profesionais do servizo de Inspección para mellorar o funcionamento dos centros e impulsar actividades de envellecemento activo.

Así mesmo, prevense realizar ao longo deste ano 1.711 inspeccións ordinarias, un 10 % máis que as levadas a cabo o ano pasado. Esta cifra inclúe a revisión do 100 % dos centros de menores e dos puntos de encontro familiar (PEF), así como o 75 % dos centros de atención á infancia e todas as casas niño.

No ámbito de maiores e persoas con discapacidade, visitarase o 90 % das residencias e o 60 % dos centros de día, e velarase polo cumprimento da normativa no 100 % das casas do maior. Por último, na área de inclusión e servizos comunitarios prevese fazer máis de 450 inspeccións por parte dos equipos da Administración autonómica.

A Xunta aumentou recentemente o persoal do seu servizo de Inspección coa incorporación de dez novos profesionais. Isto permite reforzar o Plan de inspección, coa finalidade de seguir mellorando o funcionamento dos centros, garantir o cumprimento da normativa e, en consecuencia, asegurar que os usuarios estean ben atendidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA AMOSA O SEU COMPROMISO CO GALEGO A TRAVÉS DE ACTIVIDADES FORMATIVAS, PREMIOS E PUBLICACIÓNS

Destaca a ampla oferta de formación específica en lingua galega en materia de linguaxe administrativa e xurídica

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe sobre as actividades de difusión, normalización e capacitación lingüística no idioma galego da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para este ano 2024. Nel, a Escola amosa o seu compromiso co galego a través de actividades formativas, premios e publicacións.

Dentro do seu compromiso coa lingua, a EGAP conta cunha ampla oferta formativa específica en materia de linguaxe administrativa e xurídica galega. Para este ano 2024 están convocados un total de 30 edicións en materia de teleformación, cada curso cunha carga lectiva de 75 horas, o que supón un total de 2.250 horas de formación.

Ademais, o plan formativo deste ano recolle diversas formacións dirixidas a mellorar as competencias no uso da lingua por parte do persoal empregado público, como A calidade da redacción administrativa. Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos; Redacción de documentos técnico-xurídicos en galego e A normativa do galego estándar: actualización gramatical, ortográfica e léxica. A carga lectiva global destes cursos é de 130 horas.

Premios e publicacións

A Escola Galega de Administración Pública conmemorou de xeito específico o Día das Letras Galegas con diversas actividades, entre elas a convocatoria e entrega dun premio de literatura infantil e xuvenil que busca incentivar a creatividade literaria dos máis novos a través do uso da lingua galega.

Tamén se lle deu continuidade ao emblemático Premio Manuel Colmeiro para traballos de investigación, que chega á súa XXVII edición para distinguir traballos de estudo sobre as administracións territoriais, institucionais e entes públicos instrumentais da Comunidade Autónoma galega.

A EGAP edita ademais, con periodicidade semestral, dúas revistas, a Regap, que trata de dar unha visión rigorosa e experta dos problemas de actualidade que afectan as administracións públicas, e a revista Administración & Cidadanía, que publica traballos de investigación sobre cuestiós de actualidade relativas ás administracións e ás políticas públicas desde un enfoque multidisciplinar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A ACIS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COLABORARÁN PARA PROMOVER A CARREIRA DOCENTE ENTRE OS PROFESIONAIS SANITARIOS

- O protocolo facilitará o proceso de acreditación de méritos para incorporarse á actividade docente sanitaria
- Impulsar a figura do mentor neste proceso e facilitar as estadías en centros de investigación de recoñecido prestixio internacional son outros dos principais obxectivos desta colaboración

A Consellería de Sanidade trasladoulle esta mañá ao Consello da Xunta un informe sobre o protocolo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (Acis) e a Universidade de Santiago de Compostela coa finalidade de promocionar a carreira docente entre os profesionais sanitarios galegos.

A formación e a docencia, ademais da investigación, son elementos complementarios ao labor clínico e fundamentais para garantir a calidade da asistencia que se presta nos centros sanitarios. O Servizo Galego de Saúde considera importante promover a carreira docente do persoal da sanidade pública porque se consegue manter actualizados os seus coñecementos e acadar perfís profesionais de maior calidade asistencial en beneficio dos pacientes.

O novo protocolo estrutúrase arredor de catro obxectivos principais, mediante os cales se intensificarán as relacóns entre o mundo universitario e o ámbito asistencial. Así, a principal finalidade desta colaboración será o achegamento dos profesionais sanitarios á docencia, dentro do ámbito das ciencias da saúde.

En primeiro lugar, e dirixido aos profesionais que xa desenvolvesen a súa formación como especialistas, definiranse actuacóns que contribúan a acadar a acreditación docente universitaria. Conxugaranse requisitos dos ámbitos asistencial, investigador e docente, de cara á adquisición dos méritos necesarios para a obtención da acreditación docente.

Así mesmo, o protocolo promoverá a figura do mentor, facilitando que os profesionais sanitarios poidan contar con ela para ser guiados no proceso de acreditación. Este mentor poderá proceder ben do sistema sanitario ou ben da Universidade de Santiago de Compostela.

Outra das liñas prioritarias desta colaboración será a de impulsar a realización de estadías de investigación en centros internacionais de recoñecido prestixio. Neste caso, as tres institucións participantes poderán artellar os mecanismos, os medios e o financiamento necesario para facilitar a realización de estudos no estranxeiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En cuarto lugar, o informe presentado hoxe pola Consellería de Sanidade ao Consello da Xunta tamén se centra en facilitar a incorporación dos profesionais aos programas de doutoramento ou a proxectos de investigación vinculados á especialidade que cursasen.

Este novo protocolo enmárcase dentro do concerto establecido entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela na Estratexia galega de saúde 2030. Así, e en colaboración coa Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (Acis), a sinatura deste documento redundará na mellora da calidade da docencia nas áreas clínicas e da investigación translacional, ambos instrumentos indispensables para a mellora da calidade da prestación asistencial á cidadanía galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ANIMARÁ A COMPLETAR A VACINACIÓN FRONTE AO SARAMELO CO ENVÍO DE SMS ÁS FAMILIAS DE NENAS E NENOS QUE TEÑEN DOSES PENDENTES

- No caso de persoas adultas nadas despois de 1968, advertíráselles en consultas rutineiras se deben completar a pauta de vacinación
- Fomentarase tamén a inmunización do persoal sanitario e da poboación traballadora procedente de zonas con elevada presenza de sarampelo
- A pesar de que o nivel de risco de contacto con esta enfermidade en Galicia é baixo, este ano a Consellería de Sanidade confirmou dous casos

A Xunta animará a completar a vacinación fronte ao sarampelo co envío de SMS ás familias de nenas e nenos que teñen doses pendentes.

Así se establece no informe presentado hoxe no Consello da Xunta no cal se recollen as medidas deseñadas pola Consellería de Sanidade para a eliminación da enfermidade en Galicia. Despois de que non se notificasen casos de sarampelo desde 2020, este ano confirmáronse dous casos.

Grazas ás políticas de saúde pública desenvolvidas en relación co sarampelo, o nivel de risco de contacto con esta enfermidade en Galicia é baixo. Aínda así, séguese unha estratexia orientada a previr novos casos.

En primeiro lugar, buscarase aumentar a cobertura vacinal fronte ao sarampelo porque, despois de anos nos cales se aproximaba ao 95 % que marca a Organización Mundial da Saúde, os datos de nenas e nenos nados en 2019 foi do 92,9 % e en 2020 do 89,9 %.

Para mellorar os índices de vacinación, este verán enviaranse mensaxes por SMS ás familias en que se informará da conveniencia de completar a pauta de vacinación e se indicará que poden solicitar cita no seu centro de saúde. En caso de non acudiren, faríase un chamamento personalizado para resolver posibles dúbdidas sobre a enfermidade e a vacinación.

En adultos, os estudos indican que en canto ás persoas nadas antes de 1968 pode asumirse que xa padeceron o sarampelo. Polo tanto, serán as persoas nacidas con posterioridade a quen o persoal sanitario, cando se acuda a unha cita por outro motivo, recomendará vacinarse en caso de que non conste no seu calendario de inmunización.

Ademais, o reforzo da vacinación centrarase no persoal dos centros sanitarios por ser susceptible ao estar en contacto estreito con persoas infectadas e así evitar tamén a transmisión.

Outra medida que porá en marcha a Dirección Xeral de Saúde Pública é lembrarlle aos centros de vacinación internacional do Servizo Galego de Saúde que revisen o calendario

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de vacinación de viaxeiros con destino a países cun elevado número de casos de sarampelo.

Ademais, tamén se fará un seguimento dos sectores agrícolas e dos posibles períodos de risco pola chegada a Galicia de persoas traballadoras procedentes de países con alta incidencia de sarampelo, para establecer recomendacións dirixidas ao fomento da vacinación e á detección temprá de novos casos.

O sarampelo produce habitualmente febre, unha erupción cutánea con manchas vermellas ou rosadas que adoita comezar pola cara e un dos seguintes síntomas é tose, rinite ou conxuntivite.